

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 4 DE AGOSTO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA, E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se crea a Comisión Interdepartamental do Camiño de Santiago.
- Decreto polo que se nomea conselleiro electivo do Consello Consultivo de Galicia a Eduardo Sánchez Tato

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: alargamento e mellora da estrada de Ordes a Cerceda entre os pp.qq. 0+000 y 7+000, de clave: AC/15/116.10, no Concello de Ordes.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Decreto polo que se crea o Instituto Galego de Consumo e da Competencia e se aproba o seu Estatuto.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA, E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Salvaterra de Miño para a instalación dun pantalán en Salvaterra de Miño, por importe total de douscentos corenta mil catrocentos oitenta e un euros con corenta e seis céntimos (240.481,46€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e e as tres universidades galegas da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o proxecto de fortalecemento da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento (RGCUD), por importe total de cento vinte e cinco mil euros (125.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de decreto polo que se regulan as infraestruturas necesarias para posibilitar as funcionalidades do Fogar Dixital nas vivendas de nova construción, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Pontedeume para a execución de actuacións de “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. Fase I. Concello Pontedeume (A Coruña)”, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, por un importe de catro millóns trescentos mil euros (4.300.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Abegondo para a execución de actuacións “Saneamento en Orto e Crendes. Concello de Abegondo (A Coruña)”, cofinanciado Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de trescentos mil euros (300.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e Concello de Foz para a execución de actuacións de “Saneamento e depuración en Foz. Concello de Foz (Lugo)”, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, por un importe de oito millóns de euros (8.000.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Viveiro para a execución de actuacións de “Saneamento de Celeiro e mellora da EDAR de Viveiro. Concello de Viveiro (Lugo)”, cofinanciada pola Unión Europea a través

do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, por un importe de tres millóns de euros (3.000.000,00 €)

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Valga para a execución da actuación “Solucións aos problemas de inundación ao Concello de Valga. Mellora do Río Soutiño. Fase II”, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, por un importe de novecentos trinta mil euros (930.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cerdedo para a execución de actuacións “Mellora nos sistemas de depuración municipais. Concello de Cerdedo (Pontevedra)”, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos dous mil seiscentos trinta euros con noventa e cinco céntimos (202.630,95 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Oia para a execución de actuacións “Saneamento nas Mariñas. Concello de Oia (Pontevedra)”, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Bande para a urbanización da travesía da OU-540 por un importe total de douscentos corenta e catro mil catrocentos oitenta e tres euros con oitenta céntimos (244.483,80 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se establecen as bases reguladoras da subvención plurianual do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia para o período do 1 de xullo de 2016 ata o 30 de xuño de 2017.

- Acordo polo que se autoriza eximir da constitución de garantías as entidades colaboradoras que participarán na xestión de axudas para o desenvolvemento do plan Foexga 2016-2017, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, en réxime de concorrència non competitiva, por un importe total de un millón cincocentos mil euros (1.500.000 €).
- Acordo polo que se establecen as bases reguladoras das axudas do Igape ás agrupacións empresariais (clústers) innovadoras na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración cultural entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ourense para a rehabilitación da antiga igrexa de San Francisco como espazo museístico, por un importe total dun millón seiscentos mil euros (1.600.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan de dinamización de lingua galega no tecido económico 2016-2020 para a execución dun plan de actuacións para a promoción do uso do idioma galego na economía por importe total de cinco millóns cento oitenta e sete mil trescentos vinte e sete euros (5.187.327,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universitat d'Alacant para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros e corenta e oito céntimos (58.462,48 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universitat Autònoma de Barcelona para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e sete mil oitenta e tres euros e trinta céntimos (67.083,30 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Bangor University/Prifysgol Bangor para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e dous mil cento noventa e nove euros e vinte céntimos (62.199,20 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a University College, Cork para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de dezanove mil cincocentos corenta e oito euros e corenta e dous céntimos (19.548,42 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidad de Deusto/Deustuko Unibertsitatea para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de dezanove mil catrocentos oitenta e oito euros e cincuenta e dous céntimos (19.487,52 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril (ALCER), para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo, por un importe de seiscentos trinta e catro mil setecentos noventa e dous euros con cincuenta e seis céntimos (634.792,56 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións que desenvolverán polas corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017, por un importe total de tres millóns de euros (3.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da xestión de servizos públicos, na modalidade de concerto, mediante tramitación documental simplificada, para a reserva e ocupación de prazas no servizo de atención residencial terapéutica para persoas con discapacidade física na provincia de Ourense, por un importe total do orzamento de trescentos catorce mil douscentos catro euros con oitenta céntimos (314.204,80€) e por un valor estimado de catro millóns novecientos trinta e seis mil catrocentos vinte e cinco euros (4.936.425,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a próxima publicación da convocatoria do Programa Ignicia, destinado a apoiar a transferencia ao mercado dos resultados dos proxectos de investigación promovidos polos centros de coñecemento en Galicia.
- Informe polo que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e do Programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016
- Informe polo que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as compensacións en materia de sanidade vexetal na Comunidade Autónoma de Galicia.

A XUNTA CREA UNHA COMISIÓN INTERDEPARTAMENTAL QUE COORDINARÁ AS ACTUACIÓNS RELACIONADAS CO CAMIÑO DE SANTIAGO

- *Constituirá un órgano de coordinación, adscrito a Turismo de Galicia, que garantizará a homoxeneidade das actuacións sectoriais dos distintos departamentos da Xunta no ámbito relacionado coa Ruta Xacobeá*
- *A iniciativa, prevista no Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021, é unha mostra máis da aposta do goberno galego polo sector turístico e polo impulso e conservación das Rutas Xacobeas*
- *Resulta fundamental dado o redimensionamento do Camiño, que acolleu no que vai de ano a cifra histórica de 147.698 peregrinos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se crea a Comisión Interdepartamental do Camiño de Santiago, un órgano de coordinación, adscrito á Turismo de Galicia, que garantizará a homoxeneidade das actuacións sectoriais dos distintos departamentos da Xunta no ámbito relacionado coa Ruta Xacobeá

Trátase dunha das iniciativas previstas no Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021 desenvolvido por Turismo de Galicia para a xestión integral das rutas xacobeas. A primeira das oito liñas estratéxicas desta folla de ruta establece como unha das medidas prioritarias a coordinación e complementariedade entre as actuacións relativas á identificación, protección, xestión, promoción e divulgación do Camiño de Santiago que levan a cabo os diferentes departamentos da Xunta de Galicia.

A Comisión estará composta por unha presidencia a cargo do presidente da Xunta de Galicia, dúas vicepresidencias que corresponderán ao titular da dirección de Turismo de Galicia e da consellería competente en materia de promoción cultural, e un grupo de vogais conformado por cada un dos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, o titular da Secretaría Xeral de Presidencia e o titular da Xerencia do Xacobeo.

As funcións que levará a cabo son coñecer, coordinar, fomentar e impulsar as liñas de actuación dos diferentes sectores ou ámbitos da Administración autonómica que permitan avanzar na xestión dos camiños de Santiago de forma conxunta e homoxénea; informar e avaliar as estratexias, plans, políticas e accións da Xunta con repercusión directa e indirecta sobre as Rutas Xacobeas; propoñer as medidas necesarias para a homoxeneización, o desenvolvemento e aplicación da normativa vixente en relación cos Camiños de Santiago, así como coñecer sobre as propostas normativas que os afecten; elaborar propostas para a súa elevación ás distintas administracións públicas en relación coa situación e problemática dos camiños e aprobar un informe anual sobre a situación dos diversos itinerarios xacobeos.

Con esta nova iniciativa continúaase a aposta da Xunta de Galicia pola conservación e impulso do Camiño de Santiago, clave no desenvolvemento económico e social de Galicia, así como pola coordinación interadministrativa.

A iniciativa resulta fundamental dado o redimensionamento do Camiño, que acolleu no que vai de ano, preto de 150.000 peregrinos, o que supón un incremento de máis do 5% e unha cifra histórica.

EDUARDO SÁNCHEZ TATO, PROPOSTO POLA XUNTA COMO NOVO MEMBRO DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

- *É Letrado da Administración de Xustiza e dende o ano 2007 ostenta o posto de Secretario coordinador Provincial de Pontevedra*

A Xunta informou hoxe do nomeamento, a proposta do Goberno galego, de Eduardo Sánchez Tato como novo membro do Consello Consultivo de Galicia; onde ocupará a vacante de Ana María Otero, actualmente no Consello de Contas de Galicia.

Nacido en Sobrado dos Monxes, Sánchez Tato é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago e a súa carreira ten estado sempre ligada ao ámbito xudicial. É Letrado da Administración de Xustiza e dende o ano 2007 ostenta o posto de Secretario coordinador Provincial de Pontevedra.

Ao longo da súa dilatada traxectoria ten traballado como secretario xudicial en Vilagarcía, Cambados e Pontevedra; está especializado en Dereito Civil de Galicia; e ten participado como relator ou director en numerosos cursos de formación para o persoal do ámbito xudicial.

Ademais, é fundador da Asociación Revista Xurídica Galega e membro do comité estatal da Administración Xudicial Electrónica, estando moi implicado na introdución das novas tecnoloxías na Administración de Xustiza.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA ESTRADA ENTRE ORDES E CERCEDA, AO SEU PASO POR MERCURÍN

- *O Goberno galego financiará estes traballos mediante a achega dun orzamento de máis de 2 millóns de euros*
- *A Xunta asumiu recentemente a titularidade desta vía de 8,2 km, que constitúe o principal acceso a Sogama, para incrementar a súa seguridade*
- *O decreto autorizado hoxe comprende as expropiacións das 244 leiras necesarias para a execución destes traballos de acondicionamento*
- *A actuación optimizará as interseccións existentes no treito da actuación, en especial da que serve de acceso a Sogama, ao transformalas en glorietas que permitirán que os cruzamentos poidan realizarse de forma máis segura*
- *O proxecto consistirá na ampliación da plataforma, que conta cun largo medio de 7 metros, ata acadar uns 9 metros, máis axeitado ao tráfico da estrada*
- *Levaranse a cabo a rehabilitación do piso da calzada actual e a mellora das interseccións con vías públicas, construíndo pequenas cuñas de aceleración e desaceleración e habilitando semirrotundas para os cambios de sentido*

O Consello da Xunta aproba o Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do alargamento e mellora da estrada de Ordes a Cerceda, ao seu paso por Mercurín.

O Decreto comprende as expropiacións das 244 leiras necesarias para a execución destes traballos de acondicionamento.


O Goberno galego financiará estas actuacións de mellora mediante a achega dun orzamento que superará os 2 millóns de euros.

Cómpre lembrar que recentemente o Consello da Xunta autorizaba o cambio de titularidade de varios treitos de estradas autonómicas e locais entre o Goberno galego e o Concello de Ordes. A Xunta de Galicia asumía a titularidade da estrada local que comunica Ordes e Cerceda, pasando por Mercurín, para executar actuacións de mellora. Trátase dunha vía de 8,28 km que constitúe o principal acceso a Sogama.

A actuación mellorará as interseccións existentes no treito da actuación, en especial da que serve de acceso a Sogama, que na actualidade presentan reducida visibilidade, ao transformalas en rotundas que obrigan o condutor a reducir a velocidade, de xeito que os cruzamentos poidan realizarse de forma máis segura.

O proxecto consistirá na ampliación da plataforma, que conta cun largo medio de 7 metros, ata acadar uns 9 metros, máis axeitado ao tráfico da estrada. Tamén se levarán a cabo a rehabilitación do piso da calzada actual e a mellora das principais interseccións con vías públicas, construíndo pequenas cuñas de aceleración e desaceleración, habilitando semirrotondas para os cambios de sentido en condicións seguras e executando unha rotonda no acceso a Sogama, situado no punto quilométrico 6 + 800.

Plano de Situación



A XUNTA APROBA A FUSIÓN DOS ORGANISMOS DE CONSUMO E COMPETENCIA E AVANZA NO PLAN DE RACIONALIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PARALELA

- *O Goberno galego aproba o decreto para a integración do Instituto Galego de Consumo e o Consello Galego da Competencia*
- *O novo Instituto Galego do Consumo e da Competencia evitará duplicidades administrativas garantindo unha maior eficacia e eficiencia dos servizos públicos*
- *Trátase do primeiro ente destas características en España, o que contribúe a maximizar os recursos públicos galegos e a mellorar a protección dos consumidores e o funcionamento do mercado*
- *A iniciativa encádrase na liña das tendencias marcadas pola Unión Europea que fomentan o traballo coordinado das políticas de competencia e de protección dos consumidores*

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola reestruturación e redución da administración institucional co obxectivo de evitar duplicidades e identificar nichos de mellora, vén de informar hoxe no Consello da Xunta da aprobación do decreto para a integración do Instituto Galego de Consumo e o Consello Galego da Competencia.

O novo organismo, que se denomina Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC), asumirá as funcións en materia de protección ao consumidor e de defensa da competencia nos mercados, evitando duplicidades administrativas e garantindo unha maior eficacia e eficiencia dos servizos públicos.

Neste sentido, o IGCC permitirá un aforro anual próximo aos 120.000 euros, ao tempo que contribúe a maximizar os recursos públicos galegos e a mellorar a protección dos consumidores e o funcionamento do libre mercado.

Esta fusión, encadrada na terceira fase do Plan de racionalización da Administración paralela, é a primeira destas características en España, situándose na liña das tendencias marcadas pola Unión Europea, que está a fomentar o traballo conxunto e coordinado das políticas de competencia e de protección dos consumidores.

Así, coa creación do IGCC, que estará adscrito á Consellería de Economía e Industria, a Xunta persegue unha maior transparencia dos mercados que operan en Galicia e un maior nivel de protección dos consumidores.

Ao final deste plan de racionalización, a Xunta terá suprimido 96 organismos en total e outros 64 terán sido optimizados, despois de introducir neles importantes melloras de eficiencia tras un intenso traballo de auditoría interna. Estanse implantando unhas 600

medidas de eficiencia o que supón un aforro para as arcas públicas de preto de 70 millóns de euros.

TURISMO DE GALICIA E SALVATERRA COLABORARÁN NA INSTALACIÓN DUN PANTALÁN QUE INCREMENTARÁ O ATRACTIVO DAS ZONAS FLUVIAIS DO RÍO MIÑO

- *Estará situado na contorna do ponte internacional João Verde e Armador Saavedra que comunica as localidades de Salvaterra e de Monção encóntrase moi próxima ao parque público da Canuda*
- *A construción aumentará as posibilidades de desfrute que ofrecen estas zonas fluviais a carón do río Miño potenciando a oferta turística do concello*
- *Para a súa instalación, Turismo de Galicia realizará unha achega de 240 mil euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración plurianual entre Turismo de Galicia e o concello de Salvaterra para a instalación dun pantalán no dito concello pontevedrés.

A construción estará situada na contorna do ponte internacional João Verde e Armador Saavedra, que comunica as localidades de Salvaterra e de Monção, e encóntrase moi próxima ao parque público da Canuda.

Ademais, ao pantalán poderase acceder a través dun embarcadoiro existente, que era utilizado antigamente para o transbordador Salvaterra-Monção, e que protexerá a instalación das correntes do río.

O obxectivo é aumentar as posibilidades de desfrute que ofrecen estas zonas fluviais a carón do río Miño, que constitúen un gran reclamo turístico e constitúen importantes zonas de lecer tanto para os veciños da vila como para os visitantes do concello.

Deste xeito, potenciarase a oferta turística do concello de Salvaterra do Miño mediante a potenciación do uso do pantalán como un espazo natural, no cal se poderán desenvolver actividades relacionadas co lecer e co turismo.

A través do convenio de colaboración, que estenderá a súa vixencia ata o 30 de outubro de 2017, Turismo de Galicia realizará unha achega de 240.481,46 euros divididos en dúas anualidades.

A XUNTA COLABORA COAS UNIVERSIDADES PARA FORTALECER A REDE GALEGA DE COOPERACIÓN UNIVERSITARIA PARA O DESENVOLVEMENTO

- *O Goberno galego achegará 100.000 euros para mellorar a colaboración das universidades galegas como axentes de cooperación ao desenvolvemento*
- *O III Plan director da cooperación galega avoga polo fortalecemento da capacidade institucional dos actores e axentes galegos de cooperación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio entre a Vicepresidencia e as tres universidades galegas (USC, UDC e UVigo), para levar a cabo o proxecto de fortalecemento da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento (RGCUD), que contará cun orzamento de 125.000 euros e será executado polas universidades.

O proxecto terá como obxectivo mellorar a posición do Sistema Universitario de Galicia (SUG) como axente de cooperación ao desenvolvemento a través do fortalecemento das capacidades da comunidade universitaria galega para pór en marcha actuacións en materia de cooperación universitaria ao desenvolvemento e educación para o desenvolvemento.

Desde o ano 2014 a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE vén apoiando o esforzo das tres universidades galegas na creación, consolidación e fortalecemento da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento (RGCUD), o que permitiu o fortalecemento das capacidades das universidades galegas como axente de cooperación, o establecemento dun plan de formación continuo do seu persoal nesta materia e a identificación de proxectos de colaboracións e iniciativas de cooperación para o desenvolvemento en que participan as universidades galegas.

O custo total do proxecto estímase en 125.000 euros, dos cales a Xunta achegará a cantidade de 100.000 euros repartidos en dúas anualidades, 60.000 euros no presente ano 2016 e 40.000 euros no 2017, o que supón o financiamento do 80 por cento do proxecto. As universidades achegarán o 20 por cento restante para cubrir o custo total do proxecto, o que supón a cifra de 25.000 euros.

III Plan director da cooperación galega 2014-2017

O convenio pretende dar cumprimento aos compromisos do III Plan director da cooperación galega 2014-2017, que establece coma un dos seus resultados de xestión o fortalecemento da capacidade institucional dos actores e axentes galegos de cooperación para un maior alcance das súas actuacións, para o cal apoiará a formación, capacitación e fortalecemento destes. Entre os axentes galegos de cooperación, as universidades teñen un papel destacado e que se está a potenciar nos últimos anos.

Así mesmo, tamén dá cumprimento ao Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2016, onde se sinala a necesidade de seguir afondado na colaboración coas universidades galegas nos eidos da investigación e sensibilización en materia de cooperación para o desenvolvemento, apoiando a Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento e de convertela nun factor clave para situar o SUG como actor relevante de cooperación.

A XUNTA EXIXIRÁ QUE AS VIVENDAS QUE SE CONSTRÚAN EN GALICIA ESTEAN EQUIPADAS PARA ACCEDER AOS SERVIZOS DO FOGAR DIXITAL

- *O Goberno galego aprobou hoxe o envío ao Consello Consultivo do decreto que regulará esta medida*
- *Garantirá que as vivendas estean preparadas para acoller sistemas intelixentes para a prestación no fogar de servizos sociosanitarios, de aforro enerxético, seguridade e confort*
- *Nesta liña, a Xunta porá en marcha unha plataforma integral de autonomía persoal, que monitorizará os fogares acollidos aos programas de teleasistencia avanzada, atención domiciliaria ou seguimento de pacientes crónicos*
- *O decreto asegura a incorporación das infraestruturas precisas na fase de construción, o que suporá un importante aforro fronte á súa execución a posteriori*
- *No caso das vivendas existentes o Decreto recolle a recomendación de que incorporen estas infraestruturas no caso de seren rehabilitadas ou remodeladas*

Garantir que as novas vivendas dispoñan das infraestruturas necesarias para teren acceso a servizos dixitais avanzados do Fogar Dixital, tanto sociosanitarios, como de eficiencia enerxética, domótica, seguridade ou confort, é o obxectivo do decreto que o Consello da Xunta acordou hoxe remitir ao Consello Consultivo.

O decreto establece que para obter as licenzas oportunas será requisito obrigatorio proxectar e instalar as infraestruturas de soporte do Fogar Dixital. A norma obriga a incorporar unha serie de canalizacións, rexistros e espazos de reserva durante a fase de construción das vivendas sobre as cales, posteriormente, se poderá acometer a instalación dos equipamentos do Fogar Dixital.

A incorporación destas infraestruturas na fase de construción minimiza o incremento do custo e supón un importante aforro fronte á súa instalación coa vivenda xa rematada. Ben que a obriga de instalar os elementos que posibiliten a implantación do Fogar Dixital só afecta as vivendas de nova construción, o decreto recolle tamén a recomendación de que estas se inclúan cando se rehabiliten ou remodelen as vivendas xa existentes.

A Xunta impulsa un novo modelo de prestación de servizos no fogar

O decreto constitúe o apoio normativo a un novo modelo de prestación de servizos sociosanitarios no fogar que está a impulsar a Xunta a través do plan Trabe. A Administración autonómica traballa na posta en marcha dunha plataforma integral de autonomía persoal no fogar, que monitorizará os fogares acollidos aos programas de teleasistencia avanzada, atención domiciliaria ou seguimento de pacientes crónicos

Esta plataforma de Fogar Dixital, única para todos os servizos no domicilio que presta a Xunta, tanto sociais como sanitarios, integrarase coa historia clínica electrónica e, nun futuro, coa historia social única electrónica, o que permitirá aos profesionais sanitarios e sociais facer de forma remota e continua un seguimento tanto do estado do cidadán como da eficacia das actuacións de que se beneficia; e, sobre todo, garante que os cidadáns e os seus coidadores e familiares poidan manter a súa vida cotiá no fogar, conservando a súa calidade de vida e evitando continuos desprazamentos aos centros sanitarios ou ingresos en centros sociais.

Esta iniciativa permitirá ás persoas maiores, persoas con discapacidade ou enfermos crónicos que dispoñan dun certo grao de autonomía, continuar vivindo nos seus fogares cos apoios e supervisión preventiva precisa. O obxectivo é dar resposta a moitas das necesidades que xorden no fogar destas persoas maiores, dunha maneira sinxela, áxil e sen necesidade de saír do contorno en que viven, facilitando a vida das persoas e convertendo o fogar nun lugar seguro.

Xunto cos servizos sociosanitarios a instalación de sistemas de Fogar Dixital nunha vivenda posibilita outras funcionalidades relacionadas coa domótica como a regulación automática de iluminación, temperatura, detectores de incendios e fugas de auga e gas, auto-pechamento das acometidas de auga e gas, e de seguridade, como detectores de intrusos na vivenda ou pulsadores de teleasistencia que conecten o habitante da vivenda cos servizos de urxencias.

Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia

Este decreto é o terceiro desenvolvemento normativo derivado da Lei 3/2013 de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, que estableceu o marco legal para garantir un desenvolvemento áxil, ordenado, eficiente e respectuoso co ambiente das infraestruturas de telecomunicacións.

En concreto, desenvolve o disposto no artigo 11 da Lei 3/2013 sobre a incorporación de infraestruturas de telecomunicacións en vivendas.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA SETE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE AUGAS POR UN IMPORTE DE PRETO DE 17 MILLÓNS DE EUROS

- *Os concellos beneficiarios destes proxectos serán Foz, Pontedeume, Viveiro, Valga, Abegondo, Cerdedo e Oia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un total de sete convenios de colaboración en materia de augas por un importe de preto de 17 millóns de euros (16.882.630 €), que estarán cofinanciados por fondos europeos, tanto a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) como do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Neste caso, os concellos beneficiarios destes proxectos en materia de saneamento serán Foz, Pontedeume, Viveiro, Valga, Abegondo, Cerdedo e Oia.

En concreto, no caso de Foz as obras irán destinadas á execución dunha nova depuradora, que se situará nunha zona próxima ao polígono industrial de Caldouceiro. Así mesmo, tamén se realizarán actuacións na rede de saneamento que permitirán a canalización ata a nova EDAR do transporte das vereduras para o seu tratamento. En total, as actuacións contarán cun orzamento que ascende a 8 millóns de euros e que permitirá mellorar o saneamento e a depuración deste concello.

O convenio co Concello de Pontedeume, que conta cun orzamento de 4,3 millóns de euros, irá tamén destinado a mellorar o saneamento desta localidade. Posto que o principal problema de saneamento deste concello é a infiltración de auga salgada na rede, vaise realizar -en virtude deste acordo- un novo colector xeral e un tanque de tormentas que regule a entrada de auga na EDAR. Esta actuación será a primeira fase das tres previstas para mellorar o saneamento desta zona.

En Viveiro as actuacións centraranse na mellora do sistema de saneamento e depuración do núcleo urbano desta localidade. Para iso, vaise realizar tres actuacións: a primeira consistirá na mellora da EDAR de Viveiro; a segunda irá destinada á renovación do emisario submarino e a terceira será para mellorar o saneamento do núcleo de Celeiro, optimizando o seu funcionamento en tempo de choiva. O investimento total será de 3 millóns de euros.

No caso do convenio co concello de Valga as actuacións irán destinadas a solucionar os problemas de inundación desta localidade. Para iso, vaise realizar a segunda fase de mellora do río Soutiño, afluente do río Valga. Así mesmo, as obras tamén incluírán outras actuacións no resto da bacía do río Valga. Esta programación enmárcase dentro do Plan de xestión de riscos de inundación para a demarcación Galicia-Costa e conta cun orzamento de 930.000 euros.

O acordo co concello de Abegondo, para o cal se aproba un importe de 300.000 euros prevé a ampliación da rede de colectores nos núcleos de Orto e Crendes, no contorno do encoro de Cecebre. No caso do convenio co concello de Cerdedo, as obras irán destinadas á mellorar o sistema de depuración e contarán cun orzamento de 202.630 euros.

Por outra banda, no caso do concello de Oia, os traballos consistirán en ampliar o sistema de saneamento na parroquia das Mariñas e contará cun investimento de 150.000 euros.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE BANDE PARA A URBANIZACIÓN DA TRAVESÍA DA OU-540

- *Estas actuacións constan dun orzamento de máis de 244.000 euros, que serán achegados polo Goberno galego a través da Axencia Galega de Infraestruturas, e a Deputación de Ourense*
- *A actuación pretende a prolongación da beirarrúa da marxe dereita da vía e a urbanización no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 39+610 e 39+711 da OU-540, fronte á estación de servizo*
- *O Goberno galego, con estas actuacións, pretende mellorar a calidade de vida dos cidadáns, neste caso dos veciños de Bande, incrementando a súa seguridade e facilitando a súa mobilidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Bande para a urbanización da travesía da OU-540, estrada que une Ourense e a fronteira portuguesa (A Madalena), ao seu paso polo centro urbano desta localidade.

Estas actuacións constan dun orzamento de máis de 244.000 euros, que serán achegados polo Goberno galego a través da Axencia Galega de Infraestruturas, e a Deputación de Ourense.

O Concello de Bande pretende acometer a mellora do estado dun treito da rúa Faustino Santalices, situado á entrada da travesía desta localidade, completando as beirarrúas existentes no resto da vía. O tramo ten unha lonxitude aproximada de 100 metros e forma parte do treito da estrada autonómica OU-540, correspondente ao núcleo urbano de Bande, que foi transferido ao concello en decembro de 2014 tras a solicitude da Administración local.

A actuación pretende a prolongación da beirarrúa da marxe dereita da vía e a urbanización no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 39+610 e 39+711 da OU-540, fronte á estación de servizo.

As obras comprenderán a demolición da caseta de legoeiros e a construción na mesma parcela dunha nova nave que sirva de apoio á realización das tarefas de apoio á rede autonómica de estradas. Rebaixarase ademais a cota da leira, deixándoa ao nivel da estrada para facilitar o acceso. Executarase unha beirarrúa, pola marxe dereita da estrada, incluíndo a instalación de redes de abastecemento, saneamento, pluviais e iluminación.

O Goberno galego, con estas actuacións, pretende mellorar a calidade de vida dos cidadáns, neste caso dos veciños de Bande, incrementando a súa seguridade e facilitando a súa mobilidade.



A XUNTA IMPULSA CON 10 MILLÓNS DE EUROS O EMPREGO ENTRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE E EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- *O Goberno galego activa tres programas de axudas que se incrementan en preto dun 7% con respecto ao ano pasado*
- *Pon en marcha, dunha banda, 8,5 millóns de euros para manter os postos laborais dos 2.000 traballadores dos 114 centros especiais de emprego (CEE) de Galicia*
- *Inviste, por outra banda, 1,3 millóns en axudas para a contratación de persoal de apoio para as persoas con discapacidade severa e na creación e ampliación do emprego nos CEE con axudas de ata 12.000 euros por cada posto de traballo creado con carácter indefinido*
- *Economía, Emprego e Industria destina 210.000 euros para apoiar as empresas de inserción laboral para promover a contratación entre as persoas en situación ou en risco de exclusión social*
- *Este paquete de medidas forma parte da Axenda 20 que contén medidas para potenciar o emprego inclusivo e fomentar a mellora das condicións de empregabilidade, con especial atención aos colectivos con maiores dificultades no acceso a un posto laboral*

A Xunta vén de activar un paquete de medidas para impulsar o emprego entre as persoas con discapacidade e en risco de exclusión social. Para iso, e tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, investirá 10 millóns de euros en tres programas de axudas que se incrementan con respecto ao ano pasado en preto dun 7%.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria destinará, dunha banda, 8,5 millóns de euros para o mantemento do emprego dos 2.000 traballadores e traballadoras dos 114 centros especiais de emprego (CEE) de Galicia. O orzamento con respecto a 2015 aumenta nun 8%. A través destes apoios, a Administración autonómica financia o custo salarial dos postos de traballo dos CEE.

O segundo dos programas de axudas, cun orzamento de 1,3 millóns de euros, está dirixido a financiar a creación e ampliación dos CEE e á contratación de persoal de apoio para as persoas con discapacidade severa, as coñecidas como as unidades de apoio. A contía global destas axudas aumenta con respecto ao exercicio anterior nun 3%. Estímase poder beneficiar 430 persoas con discapacidade.

Esta iniciativa inclúe, por unha banda, axudas para fomentar proxectos de creación e de ampliación do cadro de persoal dos CEE. A contía máxima dos apoios pode achegarse ata os 12.000 euros por cada posto de traballo creado con carácter indefinido para persoas traballadoras con discapacidade. En segundo lugar, contén axudas ás unidades de apoio financiando parcialmente o custo dos profesionais que axudan no seu traballo as persoas cunha discapacidade severa. Nesta orde, Galicia

duplica as contías das subvencións establecidas na normativa estatal, de 1.200 euros a 2.400 euros por persoa traballadora con discapacidade apoiada. Para iso, aumenta o orzamento para este programa con respecto ao exercicio anterior nun 72%.

A terceira das actuacións son os incentivos ás empresas de inserción laboral, para o cal o Goberno galego destina 210.000 euros. É un programa que inclúe axudas máximas de entre 3.000 e 12.000 euros, para promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas desta tipoloxía que teñan centros de traballo en Galicia co fin de que poidan cumprir a súa función social.

Axenda 20 para o Emprego

Este paquete de medidas enmárcase na Axenda 20 para o Emprego, que promove a integración laboral e calidade no traballo das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social. A Xunta traballa neste eido, xa que considera o acceso ao emprego como un elemento decisivo para a integración deste colectivo na economía e na sociedade nun sentido amplo. O Goberno galego, en concordancia co desenvolvemento doutras medidas no ámbito social e na execución das políticas activas de emprego, establece, deste xeito, accións específicas para a inserción deste colectivo.

Así, o Goberno galego, ademais destas axudas destinadas aos centros especiais de emprego e ás empresas de inserción laboral, conta cunha liña de apoios específica para fomentar a integración das persoas con discapacidade na empresa ordinaria. Os incentivos por cada contratación poden acadar un máximo duns 10.660 euros, en función da modalidade contractual e do destinatario da axuda. No último ano, Economía, Emprego e Industria apoio con estas axudas preto de 300 empresas e 770 traballadores e traballadoras con discapacidade.

En definitiva, a Administración autonómica está a traballar polo emprego inclusivo procurando unha maior achega do emprendemento con especial atención á integración laboral das persoas en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social. O principal reto é mellorar as condicións de empregabilidade dos galegos e galegas dando resposta ás persoas que teñen máis dificultades para atopar un emprego.

A XUNTA DESTINA 1,5 MILLÓNS PARA INCREMENTAR AS EXPORTACIÓNS DAS PEMES GALEGAS A TRAVÉS DO PLAN FOEXGA

- *A iniciativa, en colaboración coas cámaras de comercio galegas, apoiará entre 2016 e 2017 misións comerciais directas, a participación en feiras internacionais e a acollida de empresarios que visitan Galicia con interese comercial*
- *As empresas poderán acceder a 57 mercados internacionais prioritarios para Galicia*
- *O plan Foexga suma xa 20 millóns en investimentos desde 2009, en apoio á consolidación da presenza galega noutros mercados*
- *O plan complementa as axudas do programa Galicia Exporta e forma parte das accións impulsadas no marco da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marcha dunha nova convocatoria do plan de actuación das cámaras de comercio para o fomento das exportacións galegas (Foexga), que coordina a Consellería de Economía e Industria a través do Igape. O plan suma este ano preto de 1,7 millóns de euros de investimento, dos que 1,5 millóns serán achegados pola Xunta para apoiar misións comerciais directas e a participación en feiras internacionais, así como a acollida de empresarios que visitan Galicia con interese comercial.

A través das cámaras de comercio galegas participantes, o plan Foexga facilitará a posta en marcha de preto de medio cento de iniciativas para favorecer o crecemento das exportacións e a apertura das pequenas e medianas empresas a mercados internacionais. Así, a iniciativa busca en primeiro lugar aumentar as empresas exportadoras. En 2015 exportaron 6.335 empresas, das cales 2.229 son exportadoras regulares, que venderon ao exterior durante os catro últimos anos de forma consecutiva, marcando un novo récord histórico. O plan tamén quere fomentar e consolidar a presenza de empresas galegas nos mercados internacionais, difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade, e conseguir unha maior diversificación, tanto sectorial coma xeográfica, das exportacións.

O Foexga conta este ano con 57 mercados prioritarios: Alemaña, Angola, Alxeria, Arxentina, Australia, Azerbaixán, Bélxica, Brasil, Bulgaria, Canadá, Chile, China, Colombia, Congo, Corea del Sur, Costa de Marfil, Costa Rica, Cuba, El Salvador, Emiratos Árabes, Eslovaquia, Estados Unidos, Filipinas, Francia, Ghana, Guatemala, Guinea Ecuatorial, Honduras, India, Italia, Irán, Kazaxistán, Luxemburgo, Malasia, Marrocos, México, Nixeria, Nova Zelandia, Países Baixos, Panamá, Paraguai, Perú, Polonia, Portugal, Porto Rico, Qatar, Reino Unido, Rep. Checa, República Dominicana, Romanía, Rusia, Suíza, Taiwán, Uruguai, Uzbekistán, Vietnam e Xapón.

O traballo en todos eses países busca consolidar un programa que o ano pasado permitiu realizar 33 accións en 33 países: 21 misións comerciais directas, 10 participacións en feiras e 2 misións comerciais inversas. En total, o plan Foexga suma máis de 20 millóns de investimento desde 2009, e configúrase como unha ferramenta de primeira liña no apoio aos éxitos exportadores galegos.

A participación da Xunta no plan Foexga forma parte das actuacións previstas na Estratexia de internacionalización da empresa galega, para manter a progresión de crecemento da proxección exterior das empresas galegas ata 2020, que conta cuns investimentos iniciais de 50 millóns de euros durante o bienio 2015/16. O esforzo continuado da Xunta para apoiar ás empresas ao abeiro da estratexia de internacionalización está a consolidar avances nos mercados exteriores. De feito, logo do récord histórico de 2015, cunhas exportacións de 18.830 millóns de euros, nos cinco primeiros meses do ano as vendas ao exterior creceron nun 6,4% con respecto ao mesmo período de 2015. De forma paralela, a estratexia ten permitido apoiar tamén o aumento do número de empresas exportadoras, que aumentaron en máis dun 30% desde 2009.

Como programa complementario ao Foexga, cómpre salientar o Galicia Exporta, con liñas para empresas e para accións organizadas por organismos intermedios. A través do Galicia Exporta, a Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de conceder apoios de preto de 6 millóns de euros para apoiar a internacionalización de preto de 400 pemes, tanto mediante iniciativas individuais como mediante accións agrupadas baixo a coordinación de 26 clústers e asociacións empresariais dos principais sectores estratéxicos. Os proxectos de promoción exterior apoiados prevén accións orientadas cara a máis dun cento de mercados de todo o mundo.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 5 MILLÓNS DE EUROS PARA CONSOLIDAR OS CLÚSTERS COMO IMPULSORES DA COMPETITIVIDADE DAS PEMES GALEGAS

- *A nova convocatoria busca fortalecer as asociacións empresariais facilitando o impulso tecnolóxico, a innovación e a captación de novas empresas*
- *A iniciativa incrementa o seu orzamento para os próximos tres anos nun 23% con respecto á primeira edición, celebrada entre 2013 e 2015 e que permitiu executar máis de 150 proxectos*
- *O obxectivo das bases é ofrecer soporte e capacidade aos clústers para desenvolver iniciativas aliñadas coa Axenda da Competitividade da Xunta*
- *As axudas cubrirán ata o 50% dos custos de persoal e administrativos para achegar servizos ás empresas, ampliar a súa representatividade ou para a xestión das súas instalacións e organización de programas formativos*
- *O Goberno galego dedica seis millóns de euros máis para a promoción dos proxectos liderados polos clústers a través do Concurso de ideas industria 4.0, dos plans de internacionalización e do programa de Formación 4.0 dirixido a 4.000 traballadores e cadros intermedios*

O Consello da Xunta, consciente da importancia dos clústers como pezas estratéxicas no impulso de proxectos innovadores que incrementen a competitividade das pemes, acaba de aprobar unha nova liña específica de axudas para estas agrupacións dotada con máis de 5 millóns de euros. O programa tamén permitirá durante os próximos tres anos dar continuidade ao desenvolvemento dos plans estratéxicos xa executados na primeira edición, durante o período 2013-2015.

Esta iniciativa, articulada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria a través do Igape, mellorará a fortaleza das agrupacións empresariais innovadoras e dos clústers galegos consolidados, facilitando tanto o impulso tecnolóxico e a innovación como a captación de novas empresas e o desenvolvemento de programas de formación. Deste xeito, os clústers actuarán como pancas para o desenvolvemento da industria e dos servizos, dinamizando a actividade económica de Galicia e contribuíndo á xeración de emprego.

A nova convocatoria, por un importe global de 5,17 millóns de euros, cobre os apoios que se prestarán no período 2016-2018, o que supón un incremento do 23% con respecto ao orzamento que se aprobou para a primeira edición do programa, con 4,2 millóns de euros para 2013-2015, trienio no cal se chegaron a executar 158 proxectos a través de 12 clústers, como Ceaga (automoción), Aclunaga (industria naval), CMA (madeira), CLAG (audiovisual), Clusaga (alimentación) e Anfaco (industria conserveira). Deste xeito, a Xunta segue a apostar polos mellores clústers como pancas para incrementar a competitividade empresarial no ámbito da Industria 4.0.

Estas axudas do Igape destínanse a clústers que desenvolvan proxectos en cooperación en Galicia nos cales un mínimo do 50% dos asociados dispoñan dun centro de traballo na comunidade. Ademais, deberán ter unha antigüidade mínima de tres anos.

As axudas tamén contribuirán a consolidar os clústers excelentes galegos, para que actúen como motores e condutores da innovación, e xeren así riqueza e emprego. De feito, as bases aprobadas no Consello da Xunta permitirán achegar soporte e capacidade ás agrupacións empresariais para desenvolver proxectos aliñados coa Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0.

As axudas cubrirán ata o 50% dos custos de persoal e administrativos relativos á actividade dos clústers para achegar servizos ás empresas, para ampliar a súa representatividade ou para a xestión das súas instalacións e a organización de programas formativos e talleres e conferencias que fomenten o intercambio de coñecemento e o traballo en rede, así como a cooperación transnacional.

O procedemento de concesión das subvencións farase polo réxime de concorrencia competitiva. Na avaliación dos proxectos teranse en conta, entre outros criterios, a importancia do ámbito da actividade na economía galega, o número de empresas asociadas, e que teñan en vigor na data da solicitude o recoñecemento como agrupación empresarial innovadora (AEI), ou ben que posúan a etiqueta *Gold* de excelencia na xestión de clúster expedida pola Secretaría Europea de Análise de Clusters.

A través deste programa, o Goberno galego reitera a súa aposta pola eficiencia e o dinamismo dos clústers como dinamizadores da economía galega. Non en van estas agrupacións aglutinan arredor dun terzo do PIB global de Galicia, sumando máis de 26.000 millóns de euros de volume de negocio no seu conxunto e representando máis da metade das exportacións da comunidade.

Outros programas

O Igape tamén colabora cos clústers a través doutros programas que contribúen á promoción de proxectos colectivos que lideran estas organizacións, con achegas que superan os 6 millóns de euros.

Así, ata 38 compañías beneficianse das axudas concedidas ao abeiro dos proxectos gañadores do concurso de ideas Industria 4.0 e que están encabezados polos clusters Ceaga, CMA, Clusaga e Asime. Esta iniciativa permite a mobilización de 7,5 millóns de euros en investimentos público-privados no eido da Industria 4.0, dos cales a Xunta achegará 2,8 millóns.

A maiores, o Igape tamén aprobou 46 proxectos impulsados por clústers, organizacións ou asociacións de carácter empresarial para facilitar a internacionalización das pemes, con axudas por valor de 2,6 millóns de euros; ao tempo que este ano ten previsto abrir unha nova liña de axudas a proxectos de Formación 4.0 dirixida fundamentalmente aos clústers. Neste caso, o orzamento acada os 700.000 euros e ten como obxectivo formar 4.000 traballadores e cadros intermedios de empresas galegas.

Impulsar o emprendemento

A Consellería de Economía, Emprego e Industria conta con outros programas que contribúen a impulsar o emprendemento, a competitividade e a internacionalización. Neste senso, abrírase unha nova convocatoria do ReAcciona, para prestar ás pemes galegas un servizo de asesoramento especializado; un programa ao cal este ano se une ReAcciona TIC, que se activa por primeira vez co obxectivo de achegar ás pemes servizos de dixitalización e de Industria 4.0.

Cunha dotación total de 9 millóns de euros, incluíndo o orzamento para as bolsas para 100 novos titulados que colaborarán na implantación dos proxectos de mellora, o desenvolvemento do ReAcciona e ReAcciona TIC axudará a executar 1.500 proxectos de preto de 1.000 pequenas e medianas empresas. De forma paralela, a Xunta tamén convocará as axudas para apoiar programas de Formación 4.0 promovidos por organismos intermedios -entre os cales os clústers ocupan un lugar estratéxico- para traballadores e mandos intermedios.

A maiores, a Xunta puxo en marcha o programa Capacita, que pretende chegar a máis de 4.000 pemes e a un total de 10.000 persoas. Deste xeito, o Igape dedica 4 millóns de euros para ofrecer entre 2015 e 2016 unha ampla oferta de recursos de formación e especialización con que intensificar a produtividade empresarial en Galicia.

A XUNTA DESTINA 1,6 MILLÓNS DE EUROS Á REHABILITACIÓN DA ANTIGA IGREXA DE SAN FRANCISCO, EN OURENSE

- *As obras teñen como finalidade acondicionar este edificio para convertelo nun espazo museístico de referencia na cidade*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará un total de 1,6 millóns de euros ás obras de rehabilitación da antiga igrexa de San Francisco, en Ourense, para convertelo nun espazo museístico da cidade onde se poldan desenvolver actividades culturais de interese como exposicións, charlas e conferencias, entre outros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello para levar a cabo os traballos que se enmarcan dentro das actuacións do Goberno galego encamiñadas á divulgación, información e promoción do noso patrimonio cultural e achegalo á cidadanía.

As obras teñen como principal finalidade reintegrar dalgunha forma o espazo cuberto da nave principal da antiga igrexa, e xerar así un novo edificio que terá usos culturais, e no cal se artellará un espazo expositivo de tres andares. A proposta expositiva pasará por expor e poñer en valor no espazo da igrexa orixinal as fábricas, litografías e elementos escultóricos que se conservan *in situ*, reinterpretando virtualmente o espazo de culto do templo medieval.

A Igrexa de San Francisco foi construída no século XIV na parte alta da cidade de Ourense, onde agora se atopa o conxunto cultural e monumental de San Francisco. Neste complexo de San Francisco está o antigo convento do mesmo nome, o auditorio, a antiga capela da orde terceira franciscana (convertida en albergue de peregrinos e espazo expositivo do museo arqueolóxico) así como o cemiterio de San Francisco, declarado ben de interese cultural. Neste sentido cómpre lembrar que a igrexa de San Francisco de Ourense foi trasladada ao Parque de San Lázaro no ano 1929 e que o que queda no emprazamento orixinal é o espazo da igrexa e algúns dos seus restos, un espazo que está desacralizado.

Con esta actuación, a Xunta de Galicia dotará a cidade de Ourense dunha infraestrutura museística propia –coa que ata o de agora non contaba– na cal o goberno local poida realizar unha oferta cultural acorde co resto das cidades de maior poboación da comunidade autónoma.

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 5 MILLÓNS DE EUROS A IMPULSAR O USO DO GALEGO NO EIDO ECONÓMICO E EMPRESARIAL A TRAVÉS DUN PLAN CONSENSUADO CON 314 AXENTES DO SECTOR

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020, que desenvolve por primeira vez desde a Administración autonómica as directrices establecidas no sector 4 do Plan xeral de normalización da lingua galega*
- *O seu obxectivo estratéxico é crear consciencia de que o uso do galego favorece os resultados empresariais, ata o punto de que pode ter un efecto multiplicador no conxunto da sociedade*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020, un documento que recolle as distintas medidas e accións para a implantación e consolidación do uso do idioma galego no sector económico, e que foi acordado e completado coas achegas de 314 axentes implicados no sector económico, ademais do Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará ao desenvolvemento desta folla de ruta máis de 5 millóns de euros.

O plan estrutúrase a través de tres obxectivos estratéxicos principais, nomeadamente crear consciencia de que o uso do galego favorece os resultados e obxectivos empresariais e as relacións laborais, comerciais e bancarias; estender o uso da lingua galega no ámbito económico, nas relacións laborais, comerciais e empresariais, tanto na oferta coma na demanda de produtos e servizos; e utilizar o idioma para impulsar unha imaxe de marca diferencial propia de Galicia e os seus produtos vinculada á calidade e á innovación e que lles transmita confianza ás persoas consumidoras e ao empresariado.

Trátase da primeira vez que desde a Administración autonómica se leva a cabo un plan desta características, que desenvolve as directrices establecidas no sector 4 do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia no ano 2004.

Medidas e áreas

Para concretar estes fins en obxectivos operativos, desenvolveranse un total de 81 medidas -tanto específicas dun campo económico en particular como de carácter transversal-, que buscan incidir no incremento do uso do galego e na súa visibilidade desde as dez áreas que abrangue o sector: hostalaría, comercio, alimentación, TIC, construción e inmobles, banca, asesoramento e intermediación, axencias de publicidade, área de traballo e cooperativismo.

O obxectivo común a todas elas pasa por reforzar e aumentar a presenza do galego no sector da economía, non só para ampliar os lazos comerciais das empresas galegas senón tamén para xerar un efecto multiplicador no resto da sociedade tendo en conta o importante papel que xogan as empresas á hora de crear comportamentos.

Neste sentido cómpre sinalar que o Plan enlaza, así mesmo, co obxectivo estratéxico 4.2.03 do Plan estratéxico de Galicia (PEG) 2015/2020, que se centra na promoción da lingua propia de Galicia como vínculo de unión entre todas e todos os galegos, e que nomea explicitamente a necesidade de prestar atención ao tecido económico/empresarial en prol da promoción do uso da lingua galega neste sector.

Elaboración e desenvolvemento

Para levar a cabo o deseño do próximo Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020, creouse unha comisión técnica, encargada de deseñar as medidas para que este sexa unha realidade.

Ademais da selección de obxectivos, directrices e medidas realizada pola Comisión Técnica, participaron no proceso de elaboración do plan un total de 314 axentes implicados no sector económico; ademais do Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega, entidades ás cales tamén se lles presentou o documento.

Logo da súa aprobación, comezaranse a executar as accións do plan xa neste ano 2016. O seguimento do plan levarase a cabo no marco do Observatorio da Lingua Galega, mediante a creación dun grupo de traballo permanente integrado polos representantes tanto da Secretaría Xeral de Política Lingüística como das consellerías e do resto de entidades involucradas no seu desenvolvemento anual, tales como o Consello Galego de Cooperativas, as cámaras de comercio ou a Confederación de Empresarios de Galicia, entre outras.

CULTURA E EDUCACIÓN DESTINARÁ CASE 227.000 EUROS A DAR CONTINUIDADE AO ENSINO DA LINGUA E CULTURA GALEGAS EN 5 UNIVERSIDADES DE ESPAÑA E DO ESTRANXEIRO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á renovación dos lectorados nas universidades de Alacante, Autónoma de Barcelona, Deusto, Cork e Bangor (Gales)*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará a súa colaboración con universidades do resto do Estado español e do estranxeiro para dar continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas alén do noso territorio. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura de novos convenios con diferentes vixencias coa Universidade de Alacante, coa Universidade Autónoma de Barcelona, coa Universidade de Deusto, co University College de Cork (Irlanda) e coa Bangor University (Gales), para o que destinará 226.780,92 euros.

O obxectivo destes convenios é cubrir tanto a realización das devanditas actividades de ensino e promoción da lingua propia de galego como a contratación dunha persoa lectora de lingua, literatura e cultura galegas coa suficiente acreditación académica para organizar e dinamizar este programa de iniciativas, que se ha impulsar desde os centros de estudos galegos das súas respectivas institucións académicas. As persoas lectoras realizarán o seu labor baixo a dirección do responsable do centro de estudos galegos e en permanente coordinación con el, e estenderán as ditas actividades a toda a área de influencia do centro de estudos alén do ámbito académico.

Así mesmo, os convenios cubrirán tamén a adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar as accións recollidas no convenio.

Centros para a proxección exterior da lingua

A creación dos centros de estudos galegos enmárcase na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece o desenvolvemento das accións necesarias para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial. Por outra banda, estes centros responden aos obxectivos do Plan xeral de normalización da lingua galega fixados no ámbito da proxección exterior, pois, a través deles, a Consellería de Cultura e Educación desenvolve accións para dar a coñecer a lingua propia de Galicia e promove a investigación arredor do galego en 35 universidades europeas e americanas.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a

través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

A maioría destes centros –en concreto, 27 dos 35 existentes- refórzanse coa presenza de profesorado lector que, como complemento á súa actividade formativa, desenvolve labores de docencia, de investigación e de promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas.

O SERGAS ASINARÁ UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE RIL ALCER-LUGO POR UN IMPORTE DE AO REDOR DE 635.000 EUROS

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Asociación para a Loita contra as Enfermidades Renais (ALCER-Lugo). O obxecto deste convenio é a cobertura do servizo de traslado de pacientes que reciben tratamento de hemodiálise aos centros de hemodiálise distribuídos pola provincia de Lugo.

O importe total da subvención é de 634.792,56 euros para o período 2016-2017.

A xestión e coordinación deste transporte entre Alcer e o Sergas permite facilitar as prestacións deste servizo asistencial de alta frecuentación, evitando o aboamento individualizado e centralizando a xestión en ALCER, que é a única asociación na provincia que agrupa os pacientes afectados por insuficiencia renal crónica para os cales se dirixe este tipo de transporte en concreto.

Estímase que o número de visitas de cada un dos pacientes sometidos a tratamento de hemodiálise ao centro asistencial é de 156 cada ano. O convenio permite facilitar unhas condicións máis axeitadas para o traslado dos pacientes de diálise para recibir o tratamento, xa que non se recomenda conducir nin antes nin despois del, e estar un tempo de repouso, sendo habitual a sensación de cansazo durante unhas horas. Permite, ademais, optimizar as condicións deste transporte ao agrupar rutas e horarios de tratamento.

A XUNTA AVANZA NUNHA NOVA ORDE PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS A FAMILIAS CON MENORES A CARGO PARA A COMPENSACIÓN DOS SEUS GASTOS FARMACÉUTICOS

- *O Consello da Xunta aprobou o proxecto de acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual para a posta en marcha desta medida en colaboración coas administracións locais*
- *O obxecto da orde é a concesión de subvencións aos concellos para a xestión de axudas económicas ao cofinanciamento do 40% dos medicamentos*
- *O importe da convocatoria desta orde para os anos 2016 e 2017 ascende a un total de tres millóns de euros*
- *Esta medida forma parte das recollidas na nova Axenda Social de Galicia, asinada conxuntamente pola Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia) o pasado mes de xuño*

A Consellería de Política Social avanza na implantación dunha prestación de novas axudas dirixidas ás familias con menos recursos económicos. O Consello da Xunta aprobou na xornada de hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual na orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións que desenvolverán polas corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos. Así, a convocatoria desta orde para os anos 2016 e 2017 ascende a un total de tres millóns de euros, a razón dun millón e medio por anualidade.

A orde ten por obxecto a concesión de subvencións aos concellos para o desenvolvemento dun programa que consiste na xestión de axudas económicas ao cofinanciamento do 40% dos medicamentos financiados polo Sistema Nacional de Saúde e prescritos a través de receita a familias con menores de 16 anos a cargo que estean empadroadas no seu termo municipal e que atravesan dificultades económicas. Deste xeito, a contía máxima que cada entidade local poderá conceder aos destinatarios finais do programa será de 120 euros por persoa integrante da unidade familiar e anualidade, e establécese a posibilidade de superar este límite nos casos en que a situación do destinatario final o faga aconsellable, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social emitido polos servizos sociais comunitarios básicos.

Esta nova medida forma parte da Axenda Social de Galicia e para a súa implantación considérase de vital importancia fomentar a colaboración entre a Administración autonómica e os concellos, dado que estes se configuran como as institucións máis

próximas á cidadanía e, en consecuencia, están en situación de avaliar en mellores condicións o grao e a diversidade da demanda de atención social, artellar a oferta e optimizar os recursos. O obxectivo é mellorar a calidade da atención prestada no ámbito dos servizos sociais.

O procedemento de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrència non competitiva. Para os efectos de garantir unha distribución o máis equitativa posible dos recursos entre os distintos concellos que poidan participar nesta convocatoria, asignarase a cada entidade unha contía inicial en función do tramo de poboación en que se atope, de xeito que se asegure a posibilidade de que todos os concellos interesados poidan participar.

Axenda social

Este programa para a compensación dos gastos farmacéuticos a familias con menores a cargo forma parte dos compromisos asumidos polo Goberno galego e recollidos na Axenda Social asinada conxuntamente pola Xunta, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Rede Galega contra a Pobreza EAPN-Galicia o pasado mes de xuño. Así mesmo, enmárcase na Estratexia galega de inclusión social 2014-2020, que constitúe o marco de planificación da Administración autonómica de medidas de loita contra a pobreza e a exclusión, e que integra prioridades de coordinación e cooperación coas corporacións locais, as entidades de iniciativa social e outros axentes que operan no territorio a favor da inclusión social das persoas.

Así, esta nova Axenda Social susténtase na colaboración entre a Xunta e os concellos, entendidos como as institucións máis próximas á cidadanía. Ademais, procura a mellor atención aos colectivos máis desfavorecidos, e nomeadamente a familias que rexistran actividade económica e baixos ingresos e que, por diversas razóns, non acceden a outros dispositivos de axuda de inclusión.

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á TRAMITACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN, NA MODALIDADE DE CONCERTO, PARA A RESERVA E OCUPACIÓN DE 10 PRAZAS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL TERAPÉUTICA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA NA PROVINCIA DE OURENSE

- *O importe do orzamento ascende a 314.204,80 euros, e o seu valor estimado é de 4,9 millóns de euros tendo en conta que as eventuais prórrogas poden facer que a execución chegue aos quince anos e tres meses*
- *Esta contratación responde á necesidade de dar resposta á demanda rexistrada no programa de asignación de recursos do Sistema para a promoción da autonomía e atención á dependencia (SAAD)*

O Consello da Xunta de hoxe abordou o proxecto de acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da xestión de servizos públicos, na modalidade de concerto, para a reserva e ocupación de 10 prazas no servizo de atención residencial terapéutica para persoas con discapacidade física na provincia de Ourense. O importe do orzamento ascende a un total de 314.204,80 euros e o seu valor estimado é de 4,936.425 euros tendo en conta que as eventuais prórrogas poden facer que a execución chegue aos quince anos e tres meses.

Este acordo responde a que as persoas con discapacidade física é un colectivo prioritario para o Goberno galego. A presente contratación acórdase, por tanto, para ir dando resposta á demanda rexistrada a través do Sistema para a promoción da autonomía e atención á dependencia (SAAD) en canto a atención residencial. Esta demanda está constituída por unha vintena de persoas con diagnósticos de discapacidade física –incluíndo os de dano cerebral e certos diagnósticos de parálise cerebral- con dereito recoñecido á súa atención mediante a inclusión no programa de asignación de recursos do sistema. A Xunta traballa para mellorar a calidade de vida deste colectivo, a través de diferentes programas e servizos de apoio e fomento da autonomía.

Neste sentido, a creación e posta en marcha de prazas nos servizos de atención residencial contribúe á implantación dun sistema de atención social especializada, que ten en conta as necesidades e os desexos das persoas con necesidades de atención, así como das súas familias. Asemade, diminúe o déficit de recursos especializados na atención das persoas en situación de dependencia, evitando que esta circunstancia constituía un factor máis de illamento ou exclusión social, tanto da persoa en situación de dependencia como da súa familia.

A XUNTA IMPULSARÁ CO PROGRAMA IGNICIA O ACCESO AO MERCADO DE PRETO DE 30 PROXECTOS DE INVESTIGADORES GALEGOS

- *O Goberno galego publicará nos vindeiros días a primeira convocatoria desta iniciativa, baseada no Fondo de Ciencia da Fundación Barrié, e que busca comprobar se os resultados de proxectos científico-tecnolóxicos galegos teñen opcións reais de ser implementados a nivel industrial*
- *O programa suporá un investimento de 7 millóns de euros ata 2020, que respaldará ás iniciativas seleccionadas tanto colaborando na súa maduración como a través de apoios financeiros directos*
- *Os proxectos de investigación deberán ser promovidos por un organismo público ou privado de investigación con sede en Galicia*
- *A Xunta comparte o risco de cada iniciativa, e no caso de que os proxectos financiados xeren resultados, garante a súa participación nos posibles beneficios*

O Consello da Xunta avaliou hoxe a próxima convocatoria do programa Ignicia, co que o Goberno galego buscará facilitar o acceso ao mercado a preto de 30 proxectos de investigadores galegos, xerando novas empresas e patentes e impulsando a creación de emprego moi cualificado. A Xunta investirá 7 millóns de euros ata 2020 nesta iniciativa, desenvolvida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (Gain).

O Ignicia segue a metodoloxía dos fondos de proba de concepto, que son métodos que permiten verificar se unha idea é susceptible de ter éxito. No desenvolvemento de novos produtos innovadores, utilízanse para comprobar se os resultados de proxectos científico-tecnolóxicos teñen opcións reais de ser implementados a nivel industrial para xerar rendibilidade no mercado. Deste xeito, permiten diminuír os riscos asociados á incerteza sobre o funcionamento dun produto ou servizo novo. Neste senso, este programa nace en Galicia por dúas razóns. En primeiro lugar, pola existencia acreditada dun gran número de proxectos liderados por investigadores galegos con potencial de comercialización e, en segundo, polo éxito da Fundación Barrié co seu propio fondo de proba de concepto, o Fondo de Ciencia.

Nesta primeira convocatoria a Gain contará, de feito, co apoio da Fundación Barrié, que lle transferirá a metodoloxía e a experiencia do seu Fondo de Ciencia, que ten documentado. O dito fondo naceu no ano 2011, baseando o seu deseño e execución no Oxford University Challenge Seed Fund, e entre os seus resultados máis destacables, está a creación de dúas *spin offs* e dous proxectos con resultados en proceso de comercialización. A Fundación Barrié participará na avaliación dos proxectos presentados e organizará accións de formación dirixidas ao persoal da

Axencia Galega de Innovación e aos demais axentes do Sistema Galego de Innovación susceptibles de beneficiarse do fondo.

O programa apoiará proxectos que permitan validar unha tecnoloxía en condicións reais ou case reais, promovidos por un organismo público ou privado de investigación con sede en Galicia, como as universidades do sistema universitario galego, os centros en Galicia do Consello Superior de Investigacións Científicas, o centros en Galicia do Instituto Español de Oceanografía, as fundacións de investigación sanitaria de Galicia e os centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia. Os proxectos presentados deberán ter a capacidade de xerar resultados con aplicación na sociedade, contando con potencial comercial e xerar retornos económicos, independentemente do prazo en que estes retornos se produzan.

Vías de acceso

A primeira convocatoria lanzarase nos vindeiros días cun orzamento inicial de 5,5 millóns ata finais de 2018. Prevense apoiar preto de 10 proxectos de investigación anuais, e cada achega económica será fixada de xeito individual polo Comité de Investimentos. Ese ritmo de proxectos apoiados anualmente continuará estable ata 2020.

Poderá solicitarse o acceso ao programa Ignicia por dúas vías. A primeira vía sumará maduración e investimento; nesta fase os proxectos de investigación presentados recibirán asesoramento e serán avaliados por expertos nacionais e internacionais, recibindo información e recomendacións sobre o estado de madurez tecnolóxica do proxecto, o que permitirá o acceso daqueles finalmente seleccionados á fase de investimento. A avaliación realizarase en dúas fases, na primeira serán seleccionados un máximo de 25 proxectos e á segunda pasarán aqueles proxectos que acaden a puntuación mínima establecida na convocatoria.

A segunda vía é exclusiva de investimento e está destinada a aqueles proxectos que participasen con anterioridade noutros programas de desenvolvemento precomercial dos resultados de investigación, ou ben aqueles que presenten un grao de evolución e de maduración que lles posibilite solicitar o acceso exclusivamente á fase de financiamento. Estes proxectos serán avaliados directamente polo Comité de Investimentos.

A través da vía de maduración e investimento poderán presentarse proxectos unha vez publicada a convocatoria no DOG, e ata o 30 de setembro. Mentres, a vía exclusiva de investimento estará aberta de forma continua.

A achega da Xunta contribuirá ao financiamento de estudos de mercado, validación técnica, análise de oportunidades comerciais e de negocio ou formulación de propostas a empresas ou investidores que poidan contribuir ao avance na fase de

comercialización. A Xunta comparte o risco de cada iniciativa, pero ao mesmo tempo garante a súa participación nos posibles beneficios.

Spin Off

Os proxectos serán seleccionados con base en criterios centrados, entre outros factores, no grao de innovación da solución proposta, no potencial para xerar retornos económicos e no compromiso do grupo de investigación coa comercialización dos seus resultados. A partir de aquí, a Xunta apoiará os promotores na posta en marcha dunha nova empresa en forma de *spin off* ou na cesión do dereito de explotación da patente por parte doutra empresa.

A XUNTA DESTINA 100.000 EUROS PARA AXUDAR AOS VIVEIROS E EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS QUE TEÑAN QUE DESTRUÍR PLANTAS OU COLLEITAS POR PRAGAS DE CORENTENA

- *Os agricultores teñen de prazo ata o vindeiro 1 de outubro para presentar as solicitudes en calquera dos rexistros da Xunta de Galicia*

O Consello da Xunta avaliou esta mañá unha orde de achegas da Consellería do Medio Rural para axudar aos viveiros e explotacións agrícolas que teñan que destruír plantas ou colleitas debido á afectación de pragas de corentena. O orzamento destinado é de 100.000 euros, cofinanciado ao 50% entre o Goberno galego e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Estas axudas servirán para levar a cabo procesos de destrución, desinfección, esterilización ou calquera outro tratamento aplicado oficialmente a vexetais contaminados, substratos de cultivo e terreos recoñecidos como contaminados ou os materiais de produción, acondicionamento, embalaxe ou almacenamento e mesmo medios de transporte que estivesen en contacto cos ditos vexetais.

As achegas non superarán o 100% das perdas sufridas e do seu importe deduciranse os dos seguros recibidos e os danos non imputables á enfermidade obxecto da indemnización. Porén, cómpre sinalar que non será obxecto de indemnización o lucro cesante da explotación ou viveiro.

Beneficiarios

Poderán solicitar esta liña de axudas todos os produtores de vexetais cuxas producións fosen afectadas polas medidas fitosanitarias en virtude de 4 pragas en concreto: fusarium, que afecta a produción de planta de piñeiro en viveiros; o chancro bacteriano do kiwi, que afecta a produción desta planta en viveiros; o psílido africano dos cítricos, que afecta a produción e comercialización de planta de cítricos en viveiros; e a couza guatemalteca da pataca.

Estes beneficiarios deberán ter a consideración de pequena e mediana empresa agraria segundo o establecido nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal para o período 2014-2020. No caso de produtores de plantas de viveiro deberán estar inscritos nos correspondentes rexistros oficiais.

Os agricultores teñen de prazo ata o vindeiro 1 de outubro para presentar as solicitudes en calquera dos rexistros da Xunta de Galicia.